

ACTA Nº 2020/03
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, sábado 11 de abril do 2020 -

No día de hoxe, ás 11:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, a través de medios telemáticos, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN :

BNG

MARÍA DEL CARMEN MUÍÑO FILGUEIRA

MANUEL VARELA MECÍAS

MARÍA AMPARO CALVO GONZÁLEZ

ANA BELÉN BREIJO GUNDÍN

TOMAS CALVO GARCÍA

PARTIDO POPULAR

MARÍA BELÉN TRIGO MEIZOSO

MARÍA ESTHER DÍAZ VERGARA

JOSÉ LUIS HERMIDA PRIETO

PSOE

LOIS ANXO RODRÍGUEZ CALVO

AUSENCIAS: MANUEL BECEIRO COUCE

SECRETARIA – INTERVENTORA ACCIDENTAL:

MÓNICA CIBREIRO CANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a continuación a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DO 2020 E EXTRAORDINARIA DO 9 DE MARZO DO 2020).

A Sra. Trigo sinala que en primeiro lugar consideran dende o PP que a convocatoria non se levou a cabo dentro do prazo de dos dous días hábiles anteriores á súa celebración que a lei exige. Entenden que é un pleno extraordinario e que na orde do día deben incluírse aqueles asuntos que non sexa posible aprazar ó seguinte pleno ordinario e que polo tanto, o punto de rogos e preguntas non debería ter incluído, non obstante o alcalde xa o aclarou o sinalar que se utilizaría

este punto para dar conta da situación provocada pola COVID19 e que os portavoces podan expresar propostas e preguntas. Indica que na convocatoria hai un erro tipográfico na escritura ó referirse o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, xa que na convocatoria se nomea como Real Decreto 2568/1086 do 28 de novembro, cando en realidade debería dicir 2568/1986 do 28 de novembro. Solicita unha aclaración a cerca da motivación do pleno extraordinario, que debería incluírse na convocatoria, coma así o exige a normativa. Manifesta que non teñen medios para solicitar información sobre o pleno, non tiveron tempo físico. En canto as actas, na do 30 de xaneiro hai un erro no punto quinto xa que na primeira intervención quen intervén é a señora Trigo e non a señora Díaz. Na acta do 9 de marzo, hai un erro nas asistencias xa que figuran tanto a Sra. Trigo coma o Sr. Hermida que non asistiron.

O Sr. Alcalde sinala que as actas corrixíranse pola Secretaria – Interventora accidental.

Apróbase por unanimidade, supeditada a corrección dos erros indicados pola señora Trigo.

Antes de pasar ó seguinte punto da orde do día, o Alcalde sinala que o Pleno extraordinario ten motivos máis que suficientes como para designalo como tal pola situación actual. Sinala que a celebración do pleno telemático ven autorizada pola normativa reguladora da declaración do estado de alarma que permite este tipo de celebración. Neste pleno non se incluíron mais asuntos de máis complexidade polo feito de que non se sabía si sería viable tecnoloxicamente e pola situación de confinamento. Considera que facer o pleno nese día era o máis normal por saúde democrática. Posiblemente a mención á lexislación é un erro involuntario e que en todo caso non é algo necesario para convocar o pleno. Sinala que o que sorprende da intervención da Sra. Trigo é que na mañá do día 8 de abril envioulle unha mensaxe vía whats app informándoa da convocatoria do pleno e non puxo oposición.

A Sra. Trigo sinala que o prazo para a convocatoria do pleno é algo máis que sabido polo Alcalde e que debería darse conta.

O Alcalde recrimina que si non estaba de acordo coa convocatoria llo fixera saber e convocaría para outro día no que si se cumprira co prazo establecido. Convocouse o pleno por un motivo de información e dar contas o resto dos partidos e que estes puideran propoñer cousas. Se a Sra. Trigo pretende que o Pleno non teña validez dispón de tódolos medios para impugnalos ante os tribunais.

A Sra. Trigo, por alusións sinala que se faga como se faga o pleno deberase convocar cos dous días hábiles establecidos para poder acceder á información.

O Sr. Alcalde sinala que o mensaxe llo enviou o mércores 8 de abril e que o pleno podería convocarse por vía urxente pero a intención non era esta nin prexudicar o dereito dos concelleiros a acceder á información. Explica que no caso do punto terceiro da orde do día, simplemente se trata dunha modificación técnica dun proxecto de obra exixido dende os servizos técnicos da Deputación e que en todo caso, se adxuntou coa convocatoria.

O Sr. Rodríguez, sinala que o Alcalde se puxo en contacto con el para facerlle chegar a posibilidade da celebración do pleno para aportar ideas e nese sentido aceptou sen problema, obviando a parte máis formal porque é máis importante poñer cousas en común e levar a cabo un mellor tratamento da epidemia.

A Sra. Muíño considera que hai que facer unha valoración xusta da celebración do pleno. as

circunstancias son excepcionais nunha situación de valorar a celebración de plenos, non se sabe por canto tempo, por unha vía distinta e experimental. O Alcalde púxose en contacto con todos os portavoces do resto de grupos políticos que tiveron a oportunidade de expresar calquera observación, que tamén forma parte da responsabilidade que todos teñen como membros da Corporación. Resulta curioso que no momento no que se comenta a opción de celebrar o pleno e se deixa claro a posibilidade da data, se agarde a mesma celebración do pleno para advertilo. En todo caso, o interesante é que a experiencia do día sirva para avaliar o funcionamento destas ferramentas e poder desenvolver na medida do posible os plenos nos que si se deban de tomar decisións, nos que teña que existir un debate e sexa a forma de continuar a actividade dos órganos de decisión da mellor forma posible.

SEGUNDO.- DACIÓN EN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 21/2020.

O Alcalde da conta das resolucións.

TERCEIRO.-DACIÓN EN CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 100/2020 MEDIANTE A QUE SE APROBA O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DA ENVOLVENTE DA CASA DA CULTURA DE SAN SADURNIÑO".

Dase conta da Resolución da Alcaldía 100/2020 seguinte:

"ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO MELLORA DA ENVOLVENTE DA CASA DA CULTURA DE SAN SADURNIÑO DO POS+2020 EXPEDIENTE:2020/G003/000103

ANTECEDENTES:

O Concello de San Sadurniño incluíu o proxecto MELLORA DA ENVOLVENTE DA CASA DA CULTURA DE SAN SADURNIÑO, redactado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, no plan complementario do POS+2020, da Deputación provincial. Recibimos un requirimento para adaptar o dito proxecto á normativa de aplicación. Unha vez realizadas as rectificacións por parte do redactor, cómpre aprobar de novo o proxecto modificado. No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1. Aprobar o proxecto modificado de título MELLORA DA ENVOLVENTE DA CASA DA CULTURA DE SAN SADURNIÑO, redactado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, e que se vai incluír no plan complementario do POS+2020, da Deputación provincial.

2. Dar conta desta resolución na seguinte sesión do Pleno municipal. "

CATRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comezar cos rogos e preguntas, o Sr. Alcalde sinala que nos servizos esenciais do concello incluíuse o persoal de servizos sociais, unha persoa en rexistro e secretaria intervención que compaxina o traballo presencial co teletraballo e o departamento de obras. Neste último dous traballadores se dedican exclusivamente á recollida de lixo e os outros dous rotan, xunto co conserxe da escola pública, en traballos de desinfección das zonas máis transitadas. O resto de traballadores con posibilidade de teletraballar están na casa. Un exemplo disto é o do técnico de deportes que elabora exercicios para que as persoas ás que daba cursos de ximnasia de mantemento ou usuarios habituais do ximnasio os fagan na casa; a traballadora da rede CEMIT fai traballos dende a casa e o resto teletraballo dentro do posible. A arquitecta municipal tamén

se acolleu ó teletraballo xa que a atención ó público no ámbito do urbanismo viuse diminuída pola situación de confinamento e a paralización da actividade no ámbito da construción.

A Portavoz do goberno municipal indica que fará un recorrido global polas medidas adoptadas. En primeiro lugar, creouse una comisión de seguimento do COVID-19 dentro do seo do goberno composta polo Alcalde o Tenente de alcalde, Manolo Varela que ademais é o concelleiro de persoal, a Secretaria e ela mesma como portavoz. No seu día celebrouse unha xunta de portavoces e se abriu unha canle de comunicación directa cos mesmos para que se puideran recibir propostas e subministrar información. . A seguinte decisión foi o peche das instalacións municipais e aquelas actividades programadas de carácter grupal e presencial. Algunhas delas grazas a disposición e coñecemento dos profesionais se puideron manter de xeito online e outras non como o obradoiro de memoria. Pechouse a Escola Infantil Municipal seguindo as directrices da Consellería de Educación e polo tanto suprimiuse o cobro ás familias das cotas polo tempo que non terán o servizo. Dende a dirección da escola, seguindo as directrices do Concello, abriuse unha canle de comunicación coas familias para poder acompañalas e dar conta das situacións propias das circunstancias do confinamento coas crianzas, e prestar apoio emocional, educativo ou calquera outro que solicitaran. Se mantén a actividade de tempo das familias de xeito online e quedou garantida para toladas familias que participaban por acordo con elas. Organizouse o traballo presencial tendo presentes as directrices proporcionadas polo Ministerio de Sanidade priorizando o máximo a seguridade dos traballadores e traballadoras e tamén para servir de barreira a unha afluencia de público que non sería seguro. Mantense atención ó público mediante atención telefónica e presencial pero con cita previa para aqueles casos urxentes e necesarios. En Servizos Sociais optouse pola alternancia do traballo presencial no posto de traballo co teletraballo na primeira etapa da alerta, pero a día de hoxe practicamente está todo o persoal na opción presencial xa que hai moitas necesidades e situacións de urxencia que se teñen que resolver. Reforzouse a comunicación tanto para aportar información á veciñanza de xeito obxectivo e rigoroso como para comunicar aquelas medidas que se foron activando dende o propio goberno en relación a situación de alerta sanitaria. Ademais das canles dixitais como páxina web e outras, emitíronse bandos ou se optou pola colocación de indicacións en lugares estratéxicos coma os contedores do lixo. Neste caso, por exemplo, para dar indicacións ás veciñas e veciños, da forma na que se tiraría o lixo para garantir a seguridade dos traballadores que están a realizar estas tarefas esenciais. Unha das prioridades dende o principio foi a seguridade do persoal e para iso unha das primeiras cousas que se fixo foi garantir a disposición de EPIS. Nos servizos sociais en todo momento se planteou manter a asistencia de axuda no fogar en tódalas súas modalidades, tanto atención á dependencia ou libre concorrencia. Non obstante, moitas das familias, ó estar na casa, solicitaron a suspensión temporal do servizo. O Centro de DIA tamén foi outro recurso que se pechou polo que se activou a posibilidade de substituír ese recurso de ser preciso e asumilo a través do persoal do servizo de axuda no fogar. Así mesmo se utilizou este servizo para dar apoio a persoas que tiveran dificultade para ir a compra ou facer algunha xestión.

Continua con normalidade o servizo de xantar na casa e teleasistencia e se activou un servizo orientado acompañamento psicolóxico e emocional por parte de persoal técnico capacitado por parte do Concello. Estanse activando axudas de emerxencia social para aquelas situacións de necesidade que tiveron gran repunte na última semana e se presta apoio na tramitación doutras axudas necesarias en materia de alugamento.

Se está coordinando con outros recursos do territorio coma o Centro de Saúde, o traslado de

comida a persoas que se atopen en corentena, continua comunicación co centro de maiores para colaborar no que precisen, comercio local, farmacias e co centro educativo. Neste último a comunicación ven orientada a intervir e prestar a axuda dos servizos sociais a aqueles rapaces ou rapazas que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade.

O Sr. Rodriguez sinala que no tema de educación entende que a competencia pertence á Consellería de Educación, e que as primeiras semanas foron confusas tratando de solucionar problemas do día a día. O escenario que se plantexa no ámbito educativo é que a situación continuará e que a incorporación física será difícil coa posibilidade de que se habilite un sistema de clases por videoconferencia. No referente ó acceso a internet sería conveniente ter rexistro de se hai persoas con dificultade de acceso xa que non é o mesmo a descarga dunhas fichas que seguir unha clase. Sería conveniente anticiparse a esta situación e facilitar o acceso cunha mediana calidade para que os nenos e as nenas teñan esa posibilidade. Por outra banda fai alusión a situacións reais de compañeiros e mestres que se ven con dificultades a hora de xestionar telemáticamente contidos ós rapaces xa que as competencias dixitais varían duns a outros. Por este motivo propón contar co apoio da técnica da aula CEMIT cando os mestres se viran saturados para atender ás demandas de tódolos rapaces e rapazas. Tamén sería adecuado prestar apoio no que á impresión de material se refire xa que non so depende de ter impresora senón do acceso ós cartuchos de tinta, neste momento de confinamento. De cara a convocatoria de becas, sería axeitado contemplar de xeito extraordinario o acceso a bolsas de conectividade e internet. En canto a atención psicolóxica que se da ás persoas, pregunta se hai un rexistro de persoas que vivan soas e si hai ese rexistro, coordínalo co servizo de teleasistencia para prestar unha atención telefónica de acompañamento. No que se refire ás horas de atención a domicilio pregunta se hai persoas en espera. Así mesmo, pregunta polo aumento de horas que a Xunta ofertaba ós concellos que o solicitasen sen custo complementario para as persoas que o soliciten. Para rematar, considera positiva a participación e achega de alternativas e propostas dos grupos políticos e o subministro de información sobre a situación. Di que sería positivo un seguimento semanal coa xunta de portavoces para ter unha información de calidade e contrastada.

A Portavoz do grupo de goberno sinala que cando se puxeron en contacto co centro educativo foi porque compartían as mesmas inxerencias que expresa o Sr. Rodriguez. O que trasladan dende o centro é que están facendo unha base de datos coas familias que puideran ter estas necesidades co obxectivo de xestionalo e dar cobertura dende o propio centro. O Concello ofreceu a súa colaboración en calquera ámbito para paliar a desigualdade que supón a ensinanza non presencial. En materia de becas para o acceso a conectividade e internet, unha vez que se dispoñan dos datos reais necesarios, é unha medida que se terá en conta. En canto a formulación e comunicación coas persoas que viven soas, sobre todo xente maior que aínda que sexan autosuficientes e autónomas, dende os servizos sociais se está facendo un esforzo inmenso por parte das técnicas. Se están a manter conversas telefónicas con persoas que se sabe que están soas segundo os datos que constan nos servizos sociais, xa sexa pola súa participación en determinadas actividades ou por información que subministran os veciños e veciñas. Non hai un listado pechado de persoas que vivan soas pero se está chegando a moitísimas casas. Ademais se puxo a disposición un telefono de servizos sociais ó que calquera persoa con esta necesidade de acompañamento poida chamar. En canto ó servizo de teleasistencia, xa hai un contacto a maiores coas persoas usuarias.

En relación á pregunta expresada sobre as horas de SAF e a lista de espera, non se activou nin se

comunicou ningunha medida que garanta que se vai a contar con ningún financiamento dirixido a dependencia en situacións vinculadas á emerxencia sanitaria dende a Xutna. Si que é verdade que o 8 de abril chega a comunicación na que se di que atendendo a solicitudes recibidas polos Concellos se vai a activar unha asignación de horas ós Concellos para a atención temporal e urxente. Ese paquete de horas se pode empregar para atender situacións temporais e urxentes vinculadas á emerxencia sanitaria polo que o seu único destino só pode ser ese. Non se poderán utilizar nin para atender novos servizos nin para atender a lista de espera. A San Sadurniño se lle concederon para esta situación temporal e urxente 1.865 horas. Sería conveniente aprender da situación e valorar de que xeito se poderían reforzar os servizos sociais para a atención á dependencia pero non son as medidas que se están recibindo nos concellos dende a Xunta.

A Sra. Trigo sinala que a ela chegoulle o comunicado no que se di que a Xunta de Galicia decidiu liberar de maneira inmediata as 500.000 horas mensuais para o financiamento dun reforzo extraordinario do SAF. Seguramente non están adicadas ó que se pretende pero ten entendido que un dos problemas é a situación das persoas usuarias do Centro de Día que se pechou. Parécelle que poderían invertirse para votarlle unha mao ás familias no cuidado daquelas. Por outra banda, estase nunha situación moi difícil e que, economicamente, no futuro será peor, con xente acollida a ERTES que carrea unha serie de problemas económicos. Hai moitos negocios que non poden abrir pero que teñen que afrontar igualmente os seus gastos tanto dos negocios como das súas familias. Pregunta se hai algunha forma de axudalos economicamente, por exemplo, mediante a liberación dos cartos do remanente, o menos o 20% permitido, ou aprazar o pago dalgúns impostos municipais. Poñer en marcha algunha maneira que permita axudar a pequenos negocios, traballadoras e traballadores en situacións de ERTES e as familias.

O Sr. Alcalde sinala que a Xunta ten perfectamente informado ós concelleiros do PP sobre a liberación de horas do SAF, sen embargo ó resto de grupos non remite esa información. Votan en falta inicialmente dende os Concellos de tódolos símbolos políticos máis coordinación. Esta situación é nova, colleu a tódolos gobernos, tanto central, autonómico e municipal, e as familias fora de xogo. Todas as decisións son difíciles si ben hai xente que se puxo dende o momento un do lado das persoas que tiveron que tomar decisións e colaborar en todo o que se pediu, facer chegar as inquietudes pero sempre arrimando o ombro a quen toma as difíciles decisións. Os Concellos son a primeira Administración á que a xente lle ve a cara, na primeira porta na que petan. Como dicía o Sr. Rodríguez a problemática da ensinanza online na que non todo mundo ten a mesma accesibilidade, son cuestións que nun principio non se pensaron e en moitos casos foron os Concellos os que os resolveron, sendo competencia da Comunidade Autónoma. E certo que esas eivas iniciais corrixíronse pouco a pouco. A primeira de elas a escaseza de EPIS. Marcáronse uns servizos esenciais coma a atención no fogar e os Concellos non tiñan EPIS para o persoal do SAF. A Xunta enviou unha instrución cun protocolo de actuación das traballadoras no servizo de axuda no fogar no que non tiñan nin que levar mascarilla. É un protocolo moi simple e redactado sen moito análise. A Xunta e o Concello entenden que atender os grandes dependentes e algo esencial e como non había EPIS a Xunta decidiu dicir que non era necesaria a mascarilla. Non obstante, afortunadamente ese protocolo inicial corrixíuse. O material de protección está chegando ós Concellos a contagotas, pero non porque sexa culpa da Xunta, do goberno central ou do goberno de China, senón porque non hai. En occidente démonos conta agora de que todos os EPIS veñen de China ou do sueste asiático. A soberanía dos estados é irreal no momento en que se depende de outros con algo tan elemental como protexer ás persoas que teñen que traballar. Esta descoordinación foise corrixindo pero despois de escoitar a

portavoz do PP, hai gobernos e gobernos. Hai quen o utiliza para facer unha política de acoso e derribo ó contrincante neste caso o goberno do estado. O Concello de San Sadurniño non fará o mesmo co goberno da Xunta senón que intentará solucionar os problemas do día a día da xente de san Sadurniño. Estanse a seguir ó pe da letra as instrucións que envía a FEGAMP e que se toman por consenso no seno dela, integrada por tódolos partidos con representación política nas entidades locais de Galicia. Unha das instrucións enviadas foi motivada polo intereses dos Concellos de actuar de forma coordinada. A primeira medida que se adoptou foi dirixirse ós Concellos advertindo que o primeiro é superar a alerta sanitaria e, despois facer un diagnóstico real da situación. Para isto comunicou ós Concellos que fará un estudio xunto coas outras federacións territoriais coas que está en contacto, cos datos que aporte o Ministerio de Facenda e así determinar a situación económica real resultante para adoptar as medidas axeitadas. Algúns concellos propuxeron que tódolos servizos que se suspenderon non se cobren e a xente que pagou anticipadamente e devolveránselle os cartos. No caso de que haxa persoas que teñen dificultades sociais, para isto é necesario reforzar os servizos sociais. E necesario saber o alcance real da situación e actuar en consecuencia. A modo de exemplo, cita unha circular enviada pola Xunta na que se dan instrucións sobre a vixencia do canon da auga, non se vai a deixar de cobrar o canon da auga e sin embargo pagarlló á Xunta.

Outra cuestión distinta é o aprazamento dos cobros, que a inmensa maioría dos impostos cóbraos a Deputación, polo que xa se teñen anticipado, pois a Deputación fai un ingreso a conta. A contribución cóbrase a final de ano pero ó Concello ingrésanlla ó principio, ó igual que o resto de impostos municipais ou a taxa do lixo. Quen o apraza é a Deputación. O mais sensato é superar a alerta sanitaria, facilitar á xente o momento de confinamento e unha vez superado tomaranse decisións de calado político importante. Hai unha petición das federacións municipalistas, tamén da FEGAMP, na que se pide o Ministerio de Facenda que libere totalmente o remanente acumulado para reactivar a economía tamén dende os Concellos. Hai unha parte que xa se permite liberar para gastos sociais. Non se pode liberar remanente para pagar cotas de autónomos. Pódeo facer a Xunta ou condonarllo o Estado pero non pedirle os Concellos que pague as cotas de autónomos xa que non sería unha medida eficiente e compatible co funcionamento ordinario do Concello nun momento en que a caída de ingresos vai a ser importante. Os Concellos deberán seguir prestando servizos esenciais (alumeado, desbroces, recollida de lixo etc). Haberá que tomar as medidas necesarias cando se coñeza o alcance real da situación.

A Portavoz do grupo de goberno quere matizar en relación do comentario de Belén de utilizar as 1865 horas para atender a usuarios do centro de día. Xa se está a facer xa que se comezou a dar resposta ás necesidades dos usuarios do centro de día sobre o día 15 ou 16 de marzo. Cando comezaron a chegar estas demandas falouse coa Consellería e co Consorcio Galego de Servizos Sociais e Benestar que foi quen tomou a decisión de pechar o Centro de Día sin ter un plan para cubrir as necesidades derivadas do mesmo. Ó non recibir resposta naquel momento, decidiuse asumilo por parte do Concello co SAF municipal. As horas que comunican o día 8 de abril van a valer para cubrir parte do custo da prestación do servizo.

O Sr. Hermida pregunta pola disposición de equipos de protección do persoal.

O Alcalde contesta que si que dispoñen dos EPIS que din os protocolos e algún máis que se foi mercando antes de que a Xunta facilitara o material. Mercouse nos provedores habituais do pouco que había.

O Alcalde pregunta se hai algunha intervencións máis. Non habéndoas, sinala que toman nota da proposta do Sr. Rodríguez sobre a celebración de xuntas de portavoces na próxima semana. Pide desculpas polas deficiencias tecnolóxicas que xurdiran e manifesta que a intención do grupo de goberno non foi coartar a liberdade de ningún concelleiro e concelleira. Se convocou sen o tempo suficiente por un erro involuntario e roga para próximas veces que os portavoces o advirtan xa que non haberá problema en convocala para un día no que si que se cumpran os prazos.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as doce horas e 19 minutos, de todo o que, como Secretaria-Interventora accidental, dou fe.

O alcalde

A Secretaria – Interventora accidental

Secundino García Casal

Mónica Cibreiro Caneiro